



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso monográfico COVID-19 e dereito público: ensinanzas para o futuro

**CONVOCATORIA:** Curso monográfico COVID-19 e dereito público: ensinanzas para o futuro

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	10
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN ES CI XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2023
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	C.MONOGRÁFICO	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 08/05/2023 - 09:00h ao 21/05/2023 - 23:59h

**RESPONSABLE:** SIMÓN CUESTA, BEATRIZ [beatriz.simon.cuesta@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

O curso monográfico COVID-19 e dereito público: ensinanzas para o futuro pretende afondar, desde a perspectiva do dereito público, nas diferentes medidas xurídico-administrativas adoptadas para afrontar a situación de emerxencia ocasionada polo gromo epidémico da COVID-19 co obxecto de mellorar a resposta fronte a futuras crises. En concreto, perséguese estes obxectivos:

- Abordar as consecuencias xurídico-administrativas da pandemia, baseándose nas disposicións e medidas adoptadas, entre as que destacan o decreto de estado de alarma, a restrición de dereitos e liberdades e a adaptación da actividade contractual á situación de emerxencia. Neste ámbito, estudaranse casos de responsabilidade patrimonial da Administración ante danos sufridos, así como a coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas no marco dun Estado descentralizado con distribución de competencias.
- Analizar o papel de certas institucións durante a crise sanitaria.

### DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, da Administración local, da Administración de xustiza, das universidades do Sistema universitario de Galicia, así como profesionais e persoas interesadas en xeral.

### PROGRAMA

Os temas que se abordarán neste curso monográfico serán os seguintes:

- COVID-19 e Parlamento.
- COVID-19 e competencias estatais e autonómicas.
- COVID-19 e contratación pública.
- COVID-19 e responsabilidade patrimonial da Administración.
- COVID-19 e Administración de xustiza.
- O Tribunal Constitucional ante a COVID-19.
- O desenvolvemento do artigo 116 da Constitución española.
- A potestade sancionadora durante a crise provocada pola COVID-19.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de selección virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

### DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

- As solicitudes de participación nesta actividade formativa só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>>.

- Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo co requirido e establecido na base terceira da convocatoria DOG respecto das persoas destinatarias.

- As persoas interesadas deberán seleccionar, primeiro, a área en que está integrada esta actividade (Régime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e, despois, seleccionar en nome do curso: curso monográfico COVID-19 e dereito público: ensinanzas para o futuro.

- A inscrición estará aberta dende ás 9:00 horas do 8 de maio ata as 23:59 h. do 21 de maio de 2023.

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 25/05/2023 a 26/05/2023

**NUM. PRAZAS:** 286

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

### DOCENTES NOMEADOS

Juan José Lavilla Rubira

IGNACIO ESTEBAN ASTARLOA HUARTE MENDICOA

CARMEN MARÍA SALGUEIRO MOREIRA

MERCEDES FUERTES LOPEZ

FEDERICO DE MONTALVO JAASKELAINEN

FRANCISCO JAVIER PUEYO CALLEJA

### LUGAR DE REALIZACIÓN

**SALON DE ACTOS:** O día 25 de maio de 11:30 a 14:30. O día 25 de maio de 17:00 a 18:30. O día 26 de maio de 10:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA